

## APROXIMACIÓN Á HISTORIA DE GALICIA

600 a.c. ⇒ Chegan os celtas a Galicia. Cultura castrexa.  
137 a.c. ⇒ Décimo Xuño Bruto cruza o río Limia.  
61. ac. ⇒ Chega Xulio Cesar  
29 a.c. ⇒ Cesar Augusto protagoniza a Batalla do Medulio.  
276. d.c. ⇒ Murallas de Lugo  
411. ⇒ Os suevos fundan en Galicia o “Regnum Suevo-  
run”  
476. ⇒ Caída do Imperio Romano de Occidente.  
711. ⇒ Invasión dos Musulmáns.  
813. ⇒ Achado do suposto sepulcro do Apóstolo Santiago.  
997. ⇒ Razzia de Almanzor en Santiago.  
s. IX. ⇒ Aparición do Galego como lingua diferenciada do latín.  
s. XI. ⇒ En 1090 morre García, rei de Galicia.  
1111. ⇒ Alfonso VII é coroado rei de Galicia, máis tarde tamén  
de Castela  
1128. ⇒ Aparición do reino independente de Portugal.  
S. XI e XII. ⇒ Éra compostelana ou época de Xelmírez.  
s. XIII. ⇒ **Aparición da lírica medieval.**

## A ORIXE DO GALEGO

O galego é unha lingua romance derivada da variedade do latín que trouxeron a Galicia os romanos durante a expansión do Imperio. No século IX podemos falar xa do galego como unha lingua diferenciada do latín, aínda que non acada a categoría de lingua literaria ata o século XIII coa aparición da poesía trobadoresca. Ata daquela o latín seguía sendo a lingua de prestixio utilizada nos documentos públicos, notariais e pola igrexa. O galego era a lingua oral, falada pola totalidade da poboación durante os séculos X, XI e XII. De todas formas, a partir do s. XIII xa empeza a usarse en documentos notariais ao lado do latín. Podemos dicir que o galego, durante a Idade Media, como lingua propia de Galicia, é unha lingua plenamente normalizada, usada en todos os ámbitos sociais.

**A ROMANICACIÓN** é un proceso de asimilación cultural por parte do Imperio Romano dos territorios que ía conquistando na súa expansión. Noutras palabras, trátase da expansión da cultura romana e da súa lingua. Esta latinización tivo lugar en Galicia entre o s. II a. c. e o s. V d. c. En canto ao proceso de substitución lingüística pódense distinguir, segundo Mariño Paz, 3 fases:

**-1ª fase (s. II e I a.c).** Corresponse coa conquista militar e o asentamento dos romanos. Coa campaña de Décimo Xunio Bruto en 137 a.c podemos dicir que comeza a colonización romana do territorio galego. No ano 61 a.c Xulio César continúa o proceso de pacificación do territorio, que se pode dar por concluído coas crueis campañas de Octavio Augusto (29-19 a.c). Durante este período os poboadores simplemente aceptan o latín como lingua dos conquistadores.

**-2ª fase (ata o s.II).** Avánzase no proceso de substitución. Un feito que influiría nisto é a concesión da cidadanía romana decretada polo emperador Vespasiano (67-79 d.C.) para aqueles que realicen determinados servizos para o imperio.

**-3ª fase. (ata o s. V).** Culmínase o proceso de substitución lingüística. A expansión do cristianismo seguramente foi un factor decisivo.

**Os principais factores** que influíron no proceso de substitución lingüística son:

**-O recrutamento militar:** Ao recrutar persoas para o exército estes entran en contacto coa lingua romana. Ademais moitos recrutados estranxeiros tras licenciarse quedan en Galicia, en vez de regresar ás súas terras.

**-A concesión da cidadanía romana,** xunto con outras vantaxes, fai que moitas persoas abandonen os castros e se instalen nas cidades ou funden *villae* iniciándose na aprendizaxe do latín.

**-A escola,** como forma de asimilación cultural de parte da poboación que despois desenvolvería funcións na administración.

**-O prestixio do latín como lingua de cultura.**

**-O comercio,** que fai que os pobos indíxenas entren en contacto co latín.

**-O cristianismo,** relixión do imperio desde o emperador Constantino (313), que tamén avanza utilizando o latín.

## **AS LINGUAS DE SUBSTRATO.**

Enténdese por linguas de substrato aquelas linguas dos pobos que habitaron no territorio galego antes da chegada dos romanos. Destas linguas quedan restos no noso léxico e na nosa toponimia, e tamén influíron na evolución do latín vulgar ao galego. No substrato galego hai que distinguir unha compoñente preindoeuropea, máis antiga, e outra indoeuropea, de orixe celta e precelta.

**Substrato preindoeuropeo.** A pegada preindoeuropea remontase a Idade de Pedra, un período que iría desde tempos moi recuados ata o terceiro milenio a.c. Pertencen a este substrato palabras como *mata e mato, queiroa, carqueixa, barro, carambela, amorodo, morango, sobaco, parra, sapo, veiga, cama, carballo, cigarra gándara, arroio, bruxa*. E topónimos como *Coto, Cotarelo, Cotón, Bar, O Cádavo, Cadaval, Carballo*. Como se pode observar a maior parte do léxico remite á fauna e á flora e a realidades naturais.

**Substrato indoeuropeo.** Dentro deste podemos distinguir un elemento precelta ou sorotáptico e outro celta.

**-Compoñente precelta ou sorotáptico.** Arredor do 800 a.c. chegaron á Península as primeiras oleadas de pobos procedentes de Centroeuropa. Algúns asentáronse no noroeste. Palabras de orixe precelta son *pala, paleira (cova), páramo, cabana ou cabazo*. E topónimos como *Palas de Rei ou Ambroa*.

**-Compoñente celta.** A primeira vaga de celtas chegaría xunto cos pobos paraceltas arredor do 800 a.c. A segunda vaga, máis importante, chegaría arredor do 600 a.c. Estes pobos asentariáanse no norte e occidente peninsular, constituíndo seguramente unha pequena oligarquía militar. Son voces galegas de orixe celta *beizo, cantiga, lama, laxe, seara, varanda, boroa, , berce, billa, burato, croio, rodaballo...* Tamén serían de orixe celta o sufixo *-aiko* e as súa variante *-ego*, moi rendible na construción de xentilicios (galaico, limego). Outros elementos de orixe celta son *“briga”* (fortaleza) presente en topónimos como Brigantium ou Conínbriga (Portugal) e *-obre* que aparece en nomes de lugar como Canzobre ou Barallobre, e seguramente sexan variantes relacionadas con el os sufixos *-obe, -ebre, -ibre* (Cecebre, Grove, Lestrove). Outras palabras celtas incorporadas ao galego a través do latín son *camisa, cervexa, camiño...* A pegada celta está tamén moi presente na toponimia: Laxe, Coruña, Seaia, Limia, Sar, Nemeño, Avia, etc.

**AS LINGUAS DE SUPERESTRATO** son aquelas linguas que falaban os pobos que chegaron a Galicia despois da romanización e que deixaron pegadas na nosa lingua. Son as linguas xermánicas e árabe.

**-Superestrato xermánico.** No século V chegaron á Gallaecia romana tres pobos xermánicos: os vándalos, os suevos e os visigodos. Os vándalos non permaneceron moito tempo e continuaron a viaxe cara o sur. Os suevos chegan a un pacto con Roma a principios do s. V que lles permite asentarse no territorio da Gallaecia e fundar o *Regnum Suevorum*, o primeiro reino bárbaro de Europa. Máis tarde o reino svevo vai ser anexionado polos visigodos que estendían o seu dominio pola Península Ibérica. Estes pobos, non chegaron a impoñer a súa lingua senón que foron asimilando eles a lingua e a cultura dos habitantes, en parte porque se trataba dunha minoría dentro da poboación, en parte polo prestixio do latín e o grao de desenvolvemento da cultura romana e tamén pola falta de organización no proceso de ocupación do territorio. Non obstante, estes pobos contribuíron a acelerar o proceso de fragmentación lingüística da Romanía, que remataría coa aparición das distintas linguas romances.

O léxico que nos deixaron os pobos xermánicos adoita estar relacionado con actividades da vida cotiá e doméstica e co mundo rural. Son voces xermánicas: *ganso, espeto, luva, roca, esmagar, sopa, xabón, banco, burgo, gañar, laverca, lobio* (parra pequena), estas dúas últimas supostamente de orixe sveva, etc. Tamén teñen orixe xermánica moitos antropónimos: *Alberte, Álvaro, Fernando, Gonzalo, Guillerme, Luís, Ramiro, Afonso, Ramón, etc.* Aínda que moitos destes nomes non son consecuencia directamente da estadía dos pobos xermánicos no noso territorio, senón que chegaron por outras vías distintas como o comercio ou a penetración cultural desde outras latitudes. Topónimos de orixe xermánica son: Godos, Godóns, A Gudiña, Zas, Suevos. Algúns topónimos xermánicos rematados en *-i* proceden de antropónimos en xenitivo para indicar posesión Recarei (de Recaredo). Abundan os topónimos de orixe xermánica que presentan como segundo elemento da composición unha partícula procedente das seguintes palabras xermánicas: Proceden de *-RICUS* (poderoso, rico) Allariz, Mondariz, Gomariz...; de *-ULFE* (lobo) Gondufe, Trasulfe; de *MARUS* (cabalo) Gondomar...; de *-ARIUS* (exército), Gondar, Baltar; de *-SINDUS*, Rececinde...etc.

**-Superestrato árabe.** Os árabes penetraron na Península no ano 711, conquistando practicamente todo o territorio. Non obstante non tiveron grande incidencia en Galicia. Conservamos topónimos como *Aldea, Alfoz, A Mezquita, Rábade*. Son palabras de orixe árabe en galego certos cargos civís e militares (alcalde, alférez, alguacil) oficios (albanel, albeite, alfaiate) nomes de plantas e froitos (alcacén, algodón, azucre, cenoria, laranxa, limón), de animais (alacrán, xabaril, atún), de produtos (aceite, alcohol) de xadrez (alfil, xaque-mate, xadrez) das ciencias (álgebra, cifra)...

